

REPASO ORTOGRÁFICO E GRAMATICAL 1

1.3. O ADXECTIVO

Os adxectivos expresan características dos elementos designados polos substantivos aos que acompañan ou aos que se refiren.

O xénero e número do adxectivo depende do substantivo (*a árbore alta / os montes altos*). Cando o adxectivo fai referencia a dous ou máis substantivos, se vai anteposto concorda co substantivo que ten máis próximo (*coa acostumada delicadeza e cariño*), e se vai posposto e os substantivos teñen diferente xénero emprégase a forma en masculino (*unha sala e un salón moi desordenados*).

Seguen as mesmas regras de formación de plural ca o substantivo.

En canto ao xénero, podemos distinguir:

- Adxectivos que posúen unha única forma para masculino e feminino: Breve, veloz, azul, superior...
- Adxectivos con diferenza para masculino e feminino (segue as regras de flexión de xénero do substantivo)

A GRADACIÓN DO ADXECTIVO

A calidade que expresa o adxectivo pódese manifestar en diversos graos: positivo, comparativo e superlativo.

Grao positivo. É o grao no que está un adxectivo que expresa unha calidade ou estado sen matizar ningunha intensidade do mesmo. El é unha persoa interesante.

Grao comparativo. Un adxectivo está en grao comparativo cando compara a intensidade coa que dous substantivos posúen a mesma calidade: Este chiste é máis divertido ca o anterior.

- **de igualdade:** as dúas calidades posúense no mesmo grao. *Os contos son tan interesantes coma as novelas.*
- **de inferioridade:** unha calidade posúese en menor medida ca a outra. *Os contos son menos interesantes ca as novelas*
- **de superioridade:** unha calidade posúese en maior medida cá outra. *Os contos son máis interesantes ca as novelas.*

As **partículas comparativas** úsanse seguindo estas regras:

COMA e CA son obrigatorios cando segue pronome persoal tónico (min, ti, el, ela...) *El é máis alto ca ti - El é tan alto coma ti.*

Tamén debemos usar **COMA** cando a continuación hai unha oración subordinada condicional, temporal ou de relativo: *Fai coma se non a vira, É coma quen non o ten, Fíxeno coma cando mo explicaron*

COMO e QUE (ou DO QUE) son obrigatorios cando segue un verbo en forma persoal. *É menos intelixente do que pensa, É tan parvo como parece.*

Nos demais casos pódese optar entre unha forma ou outra, aínda que é recomendable utilizar as formas en –a.

- No caso de realizárense **as contraccións**, estas son as formas resultantes:
Ca + a = cá **Ca + o = có** **Ca + as = cás** **Ca + os = cós**

Grao superlativo. Un adxectivo está en grao superlativo cando expresa unha calidade no seu maior grao: Estou esgotadísima.

- O **superlativo relativo** fórmase segundo esta fórmula: artigo + **máis/menos** + adxectivo + de + 2º termo. *O máis calado da clase.*
- O **superlativo absoluto** pódese formar das seguintes maneiras:
 - **Forma sintética:** engadíndolle ao adxectivo o sufixo **–ísimo** (ou **–érrimo** nas formas cultas): *El é intelixentísimo, Libérrimo*; ou antepoñendo prefixos como **super–**, **ultra–** ou **hiper–**. *Ela é superintelixente.*
 - **Forma analítica:** antepoñendo o adverbio **moi** ó adxectivo: *El é moi intelixente*; antepoñendo o adverbio **ben**: *Ela é ben intelixente*; antepoñendo adverbios rematados en **–mente**: *El é extremadamente feliz*; repetindo o adxectivo: *Ela é lista lista.*

Casos especiais de comparativo e superlativo:

Positivo	Comparativo	Superlativo
bo	mellor	óptimo
malo	peor	pésimo
grande	maior	máximo
pequeno	menor	mínimo
alto	superior	supremo
baixo	inferior	ínfimo

CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DOS ADXECTIVOS

- Atendendo ás calidades que expresan con respecto ao substantivo:
 - **Especificativos:** expresan calidades que definen e individualizan o substantivo: *caixa pequena, papel verde.*
 - **Explicativos:** expresan calidades implícitas nos substantivos, sen achegar información (ás veces achegan certo valor estilístico): *negro carbón, duro ferro.*
- Atendendo ás calidades propias do adxectivo:
 - **Cualificativos:** indican calidades interiores dos seres, admiten gradación e fan referencia á cor, forma, tamaño, valor...
 - **Relacionais:** indican relación respecto do substantivo do que proceden pois adoitan ser derivados referidos a persoas, lugares, relixións... (*rosaliano, galego/a, cristián...*)